

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN


#### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO**


Sendo as 13:30 horas do día 4 de decembro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Rosana Rielo Rozas, Oitava Tenenta de Alcalde Delegada, actuando en suplencia da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais dona Carmen Basadre, Tenenta de Alcalde da área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; dona Esther Muñoz Mella, en representación do Partido Socialista PSG-PSOE; don Ángel Trabada Gómez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular; dona Paz Abreira Sobrado, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana I. Sáez Mancebo da titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento. Tamén asisten ao acto dona Carmen Carballedo Fernández e don José Vidal Penelas, en representación de AUTOBUSES UR BANOS DE LUGO S.A

Abre a sesión a sra Presidenta e procédese por parte do secretario da mesa a dar lectura a unha comunicación do grupo técnico designada pola mesa de contratación no expediente da xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros do Concello de Lugo, no que poñen de manifesto a necesidade de solicitar aclaracións ás empresas participantes no procedemento, en relación a unha serie de cuestións así como de solicitar informe ao servizo municipal de informática a fin de que avalíe a suficiencia das ferramentas de control presentadas polas diferentes mercantís ás esixencias do prego.

Tras un análise das diversas cuestións sobre as que o grupo técnico propón a solicitude de aclaración ás empresas licitadoras e ante a necesidade dunha maior concreción e explicación das cuestións, os integrantes da mesa acordan deixar o asunto para unha posterior reunión da mesa de contratación na que se convoque aos membros do grupo técnico encargado da valoración a fin de que aporten unha explicación mais pormenorizada que permita tomar a decisión de solicitar ou non as aclaracións propostas. Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

  
Asdo. Rosana Rielo Rozas



O SECRETARIO

  
Asdo: Manuel Louzao Aldariz